

para, "a partir de aí", fixar o seu prezo. En RNE, Mougán asegurou que, tras o acordo de finais de 2012, "se pode falar dunha mellora real", aínda que "hai que preguntarse se é suficiente".

LINGÜA

Convocados os cursos de preparación para as probas do Celga

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou 120 cursos preparatorios para as probas do Celga deste ano. Terán unha duración de 70 horas e serán entre marzo e maio, tendo os interesados que inscribirse nos gabinetes provinciais de Normalización Lingüística ata o 25 de xaneiro. Os exames para obter a acreditación de coñecemento de lingua galega terán lugar os días 1, 2, 8 e 9 de xuño.

EMPRESA

Os galegos son os segundos que máis horas extra realizan

Os traballadores galegos realizaron, no primeiro trimestre de 2012, un total de 1,8 millóns de horas extraordinarias, segundo datos do Ministerio de Trabajo e Seguridad Social. Nesta estatística, Galicia sitúase como a segunda comunidade por número de horas extra realizadas, só superada por Cataluña. Por detrás da comunidade galega sitúase a madrileña, cuxos traballadores realizaron 1,1 millóns de horas extra.

TECNOLOXÍA

Un sistema deseñado en Galicia permitirá localizar o gando

Unha empresa de equipos informáticos e outra de sistemas e aplicacións traballan baixo a dirección do enxeñeiro de telecomunicacións ourensán Cesáreo García Rodicio e en colaboración cunha vintena de gandeiros da Ribeira Sacra. O obxectivo común é pór a punto un sistema que permitirá localizar cada res das explotacións dedicadas ao vacún de razas autóctonas criadas en liberdade.

xabaril no municipio ourensán de Cenlle

El Progreso A.C.V.

Un veciño do municipio lucense de Paradela de 49 anos, Santiago Armesto González, resultou ferido de gravidade no mediodía de onte ao recibir de forma accidental un disparo na fronte cando participaba nunha batida de xabaril no concello ourensán de Cenlle. Foi trasladado de urxencia ao complexo hospitalario de Ourense, onde foi intervido cirurxicamente para extraerlle a bala.

O ferido participaba nunha cacería de xabaril xunto con outros compañeiros cando, segundo diversas fontes, resultou alcanzado por unha bala que saíu

rebotada tras impactar contra unha pedra ou unha árbore, con tan mala sorte que se lle incrustou na zona frontal. O suceso produciuse na vía OU-303, nas inmediacións dunha cooperativa.

Un helicóptero acudiu ao lugar do suceso para levar o ferido de urxencia ao hospital. A aeronave aterrou na estrada, que permaneceu pechada ao tráfico por parte das forzas da orde e os integrantes do Grumir de Ribadavia durante o tempo que durou a estabilización da vítima e o seu traslado.

Santiago Armesto está solteiro e reside co seu pai e outros familiares. O ferido regresou hai

As forzas da orde

Dous falecidos feridos de

Os accidentes convertendo t desgraza, en O sinistro de o cuarto resist desde novemb

uns anos de Ba emigrara con municipio natal comezou a afec Na súa aldea a

A neve enche de turistas Lugo e Ourense e dificulta a circulación por estrada

A neve converteuse onte no grande atractivo turístico das zonas altas de Lugo e Ourense, onde dificultou o tráfico rodado, se ben non houbo que lamentar accidentes. Na montaña lucense, o Alto do Poio quedou pechado para camións e os coches tiveron que utilizar cadeas, rexistrándose retencións de vehículos na estrada de Pedrafita ao Courel. Na de Ourense, a neve colapsou a subida a Manzaneda e hoxe poderían abrir as pistas da estación de esquí de seguir nevando. > Ponte



Outras novas do día



Santiago Operarios arranxaron onte o escaparate da tenda de Zara, roto de noite por vándalos

A Coruña Arrestados dous homes por resistencia a axentes da autoridade tras causar disturbios nun local

Vigo Dous detidos onte por senllos delitos de furto en establecementos da cidade

Vilagarcía Ferido nun pub tras ser agredido cunha botella

A Coruña Deteñen un mozo no seu domicilio do Orzán por malos tratos contra a súa nai

Un mariñeiro de Malpica de 54 anos perde a vida nun sinistro no Gran Sol

AGN M.N.

Un novo accidente laboral nun arrastreiro causou o pasado xoves a morte a un veciño da localidade coruñesa de Malpica no Gran Sol. José Manuel Suárez Trigo, de 54 anos, traballaba a bordo do *Nuevo Mugarbos*, un barco con porto base na Coruña que partira da cidade herculina o 2 de xaneiro.

Unha semana despois, a desgraza acabou coa vida dun dos tripulantes. O mariñeiro foi golpeado con forza por un dos cables de aceiro que suxeitan o aparello de pesca. A corda rompeu e, como un látego, partiulle o pescozo.

Segundo fontes policiais e familiares, o cadáver segue en Irlanda



O barco no que faleceu a

e non se sabe cando Malpica. Estaba pre dos seus fillos parti entre onte e hoxe p todas as xestións e cadáver do pai para tura. Retomara hai un e estaba próximo a xi